

O determinante artigo

Lembra

Os **artigos** son palabras que van diante dos substantivos e serven para concretalos ou determinalos. Os artigos poden ser determinados e indeterminados.

As formas do **artigo determinado** son **o, a, os, as**.

As formas do **artigo indeterminado** son **un, unha, uns, unhas**.

1 Arrodea os artigos destas oracións, coas iconas que tes máis abaixo, seguindo o código.

determinados

indeterminados

- O xornalista di que tardará unhas semanas en acabar o libro.
- Os curmáns de Paulo van a unha escola moi grande.
- Uns compañeiros de cuarto dixeron que a mestra de inglés non veu.
- As plantas daquel testo teñen unhas flores preciosas.
- A directora quere que organicemos unha semana cultural.



2 Completa cos artigos que falten.

a • os • unha • o • as • uns • os • o • a • os • a



O meu aniversario

Hoxe comeza _____ primavera e celebro _____ aniversario.

_____ meus pais prepararon _____ garaxe para facer

_____ festa. Virán todos _____ amigos e _____ amigas da escola e tamén _____ compañeiros de fútbol. _____

torta é de chocolate e nata e fíxoa _____ avoa. Seguro que ha estar para chuchar _____ dedos!